

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO  
PLENO O DÍA 13 DE XUÑO DE 2008.-**

<p><u>Sres. Asistentes.</u></p> <p><u>Sr. Alcalde-Acctal.</u> D. Jose Juan Vilasanchez Pazos</p> <p><u>Sres. Concelleiros:</u> D<sup>a</sup> María Victoria Montenegro Paz. D. José Juan Vilasanchez Pazos D<sup>a</sup> Ana María Fernández Coira. D. Jose Salvador Ferreiro Montenegro. D. José Manuel Cendán Fernández. D. Francisco Echevarria Lage. D. Fernando Otero Prieto. D<sup>a</sup> Josefina Martínez Martínez. D. Manuel Rodríguez Doval. D<sup>a</sup> María Belen Abeal Pérez. D. Luis Cendán Fernández.</p> <p><u>Non asiste con excusa:</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo. D<sup>a</sup> Mercedes Grande Regueiro.</p> <p><u>Sr. Secretario.:</u> D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e coarenta minutos do día trece de xuño de dous mil oito, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente Acctal. D. José Juan Vilasánchez Pazos, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	---

**Punto núm. 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO ACORDO DE ADHESIÓN Ó PACTO TERRITORIAL DE EMPREGO DE FERROL.-**

Toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que quere deixar clara a súa posición, en relación con este asunto, a cal vai a ser favorable pero gustariame aclarar unha serie de dúbidas que me ofrece a documentación que teño aquí no meu poder que non é outra que a que puiden fotocopiar do expediente do expediente do Pleno, dicir que este nace cunha boa intención que é tratar de poñer un coto ó paro, e dado as prespectivas laborais que hai, neste zona e en Xeral, todo o que se redunde e tratar de atallar todo isto é bo. Pero en canto ó expediente en sí gustaríame comentar que obra no noso poder unha convocatoria dunha asemblea aquí e consta tamén os estatutos, e outra cousa que é importante a proposta de acordo que ven aquí consta de dous puntos, por un lado a adhesión que vamos a acordar hoxe e a segunda é nomear como vocal a alguen, eu me imaxino que será o Alcalde, pero tería que vir avalado isto da persoa que vamos a designar, coa adhesión non facemos nada terá que ir acompañado da credencial.

O Sr. Rodríguez Doval, que no expediente veñen mezcladas varias cousas, polo que entendo que debemos aclarar o acorda que vamos a tomar, que entendeu eu que é o acordo

de adhesión o Pacto Territorial de Emprego, porque despois hai no expediente outras historias que se refiren os Estatutos, e canto menos a xuízo habería que matizar moito máis. Entendo que hoxe o que se vota aquí é a adhesión ó pacto, e supoño que tamén a proposta será nomear o Sr. Alcalde, nos vamos a votar favorablemente ó pacto, pese a que manteñamos moitas dubidas, a respecto de esto non se convirta nun novo organismo que se reuna moito, que quite grandes informes pero que despois ó final non consiga o seu obxectivo que sería conseguir ese Pacto Territorial do Emprego coa participación da Comunidade Autónoma do Goberno Galego, e tamén dos propios sindicatos e dos Empresarios, vamos a darlle un sí, que en todo caso e un si crítico, posto que esta Comarca si de algo adoce e de exceso de pactos, de exceso de compromisos, e despois de falta de medidas concretas, pero como é unha medida que ven efectivizada da Unión Europea e como se levando a cabo en todos os territorios e neste caso promovida polo Goberno Galego lle vamos a dar o noso voto favorable, tanto a proposta de adhesión como que o representante sexa o Sr. Alcalde.

Interven o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que o seu grupo tamen esta a favor, significando que temos experiencia en facer, organismos, asociacións e vemos que non mellora a situación, pero non vamos a ser nos quen poña aquí pau nas rodas, e que non pase como co Plan Ferrol que non participan os Concellos, que é unha parafernaria dos Sindicatos e do Goberno Central co tema da reconversión naval, os Concellos teñen que están participando en todas organizacións.

Finalmente Interven o Sr. Alcalde-Acctal., manifestando que recolle o sentir de todos, que nos adherimos a este pacto con certo excepticismo polo que ten pasado con outro tipo de Asociacións, e no referente á proposta agradecerlle os portavoces que efectivamente non so é a adhesión ó pacto senón tamén a designación do Sr. Alcalde como representante do Concello, se non tedes inconvinte procedemos á votación.

Sometida a votación o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación e en consecuencia:

- 1.- Solicitar adhesión á Asociación impulsora do Pacto territorial de emprego Ferrol.
- 2.- Nomear a Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo, como representante do Concello de Ares en dita Asociación.

**2.- APROBACION SE PROCEDE, DA ORDENANZA E IMPOSICION DA ORDENANZA REGULARODA DA TAXA POR PRESTACION DO SERVICIO DE ALUGUEIRO DE BICICLETAS TURÍSTICAS.-**

A Interven o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que van a votar a favor, pero quería facer unha chamada de atención de que non adiantemos que as cousas se fan ata que se poden facer, posto que según a información que saleu aquí o servicio de bicicletas xa leva funcionando dous meses, cando a realidade e que hoxe aínda vamos a aprobar a taxa e ata

que teñamos a taxa aprobada que vai a levar un certo tempo non podemos ter o servizo funcionando, creo que non hai necesidade ningunha de avanzar que o servizo vai a funcionar en abril, vai a funcionar en maio, porque evidentemente se non temos taxa non se pode cobrar, para nos este é un tema tan importante tan urxente como o primeiro que se trouxo, e polo tanto vamos a darlle o noso voto favorable para que se axilice a publicación da ordenanza e nese momento se poida poñer a funcionar o servizo, e tamén estamos de acordo coa medida de colaboración que se fai coas Sociedades, que é unha boa fórmula e non se van a facer ricas por esa contraprestación que lle vamos a dar.

Toma a palabra o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que en primeiro lugar non está especificado a partir de que idade os nenos poden alugar unha bicicleta, e en segundo lugar dicir que as todas as ven un pouco desorbitadas, entendemos que as taxas hai que cobralas para que respeten as bicicletas, pero se calculamos os custos diarios de aluguer dunha bicicleta e o multiplicamos por trinta nos vamos a unha cantidade bastante considerable, practicamente vale a pena ir a Alcampo e mercar unha bicicleta, como isto vai a començar a funcionar deberíamos facelo cunha taxa experimental, o primeiro ano debería ser de xeito experimental, dicir que a bicicleta é un deporte sano e Galicia o único Concello pequeno no que está funcionando é Ribadeo e agora vamos a ser nos, e nos Concellos grandes non sei se sae máis económico coa tarxeta que esta facendo Ferrol. Nos vamos a propoñer que o primeiro ano sexa unha taxa simbólica e despois velo e adoptala á necesidade que temos no Concello.

Interven o Sr. Alcalde-Acctal, manifestando que como ven di o Sr. Cendán Fernández, estamos diante dun tema da promoción e de iniciarnos no tema da bicicleta, posto que hai outros Concellos que xa a teñen sobre todo nas cidades, este é un proceso que vai conlevar mellorar co tempo, posto que xurdiran problemas e haberá que darlle solución, e efectivamente se lle vota contas o aluguer diario enseguida da para unha bicicleta, pero ese non é o sentido desta actividade, o que vai a andar todos os días do ano non vai alugar unha bicicleta, ese vai mercar unha bicicleta. Abundando un pouco no que manifestado o Sr. Rodríguez Doval, non so se cubre ese aspecto de iniciar a xente na bicicleta senón que abre tamén unha vía de colaboración coas Sociedades, e dentro desas mellorar dicir que eu o fin de semana estiven en Barcelona e funcionaban cunha tarxeta, igual hai que recurrir á tarxeta, o tema é iniciar o servizo e a medida que vaian saíndo problemas darlles solución na mellor medida.

Acto seguinte o Sr. Rodríguez Doval, di que quere aclarar que o servizo de aluguer de bicicletas non vai a cubrir a aquelas persoas que queiran andar en bicicleta todo o ano este é un servizo concreto, aquel que quera andar todos os días evidentemente vai a ter a súa bicicleta, os usuarios entendo que van a ser xente de Ares de forma ocasional, xente que veña de fora que non quere traer a súa bicicleta, hai que ver cal é o resultado durante o primeiro ano, pero hai que poñerlle unha taxa, unha taxa simbólica cal é, aquí as cifras das que se fola son similares as dos outros Concellos onde se está prestando o servizo e creo que comprar e manter unha bicicleta costa o mesmo en Ares que en Ribadeo, o servizo de aluguer de bicicletas co prezo que se pon non creo que vaia a agravar a crise económica, o que entendo é que se ten que poñer en marcha canto antes. Nos somos partidarios de que se manteña a proposta como está, a rectificar hai tempo.

Interven o Sr. Intervén o Sr Luís Cendán manifestando Eu simplemente por unha cuestión de procedemento, penso que o tema político é unha cousa e a aprobación da taxa é outra. Aquí o que venimos aprobar e a taxa e a proposta feita polo Técnico de Deportes dí cómo vai repercutir a recadación desta taxa nas sociedades e esto vai en contra e Intervención vai ter un problema, penso que dende o punto de vista legal non se pode facer así. Haberá que solucionalo doutro xeito. Non se sabe co que se poderá contar e o do diñeiro público é complexo e a proposta esixe que se ingrese na conta do Concello e así non se axusta á legalidade.

Era mellor retirar eso e acordar a fórmula por parte do Interventor e ver o que se pode facer pero poñer eso na acta do pleno de aprobación da taxa non sería moi convinte.”

O Sr. Rodríguez Doval manifesta: eu tamén aludín a eso de que eso non é parte da taxa e eu dixen que estaba de acordo coa filosofía, eso non é taxa, xa miraremos nós. Sei que non lle podemos dar o diñeiro automaticamente ás entidades xa buscaremos a fórmula. Coincido con que eso revirta nas entidades e tampouco é nada alá.

Intervén o Sr Secretario: “Luís habería que articular posteriormente un convenio, como dí Manolo”

O Voceiro do NAL manifesta: “xa, pero dende o punto de vista procedimental estamos aprobando unha taxa, vai ir a publicación, e poden facerse alegacións á taxa, esto consta nun expediente.

Intervén o Sr Secretario: Luís vía convenio se regulará a reversión, non se pode ingresar directamente e devolver, pero convenir sí.

Manifesta o Voceiro do NAL: eso é o que estaba dicindo eu.

Toma a palabra o Alcalde-Acctal: aquí todo o mundo tivo labores de goberno, en efecto o que non se pode facer e que o que cobre da taxa se queden con ela, sabemos cómo funciona esto. Así non se pode articular legalmente. Revertimos ás sociedades, vía convenio, vía subvención, hai mil formas para reintegrar eses cartos.

O Voceiro do NAL manifesta:”xa, eu non o digo por iso, xa sei que na aprobación da taxa non ven a taxa en sí, eu o digo pola intervención do voceiro do BNG que dixo que esto revertería nas sociedades. Outra cousa é a decisión política que se tome para que repercuta nas sociedades.”

Intervén o Voceiro do PP: “vou insistir no mesmo, nas taxas non ven especificado a partir de que idade pode alugar unha bicicleta, eso debíamos aclaralo xa que a maioría dos nenos serán a partir de 11, 12 e ata 16 en segundo lugar eu estou de acordo con que se aprobe a taxa pero eu como comprenderedes entendo que a explicación do voceiro do BNG que en parte ten razón, pero hoxe a grande maioría dos nenos ten problemas para gardar as bicis, se vive nos pisos e non teñen espazo para deixalas.

En vez de 4 €habería que poñer 2 €. Se un neno aluga unha bici 1 mes, serían 120 €e penso que para o 1º ano debería ser máis asequible e un pouco vixiante, temos o tema de que se queren poden participar asociacións e sociedades e coidar as bicis e creo que eso é o que temos que facer, que respeten e o resto poñer un prezo simbólico, 2 €e sería convinte para a promoción da actividade da bici; esa é a proposta nosa e que a vamos

defender así, estas dúas cousas, que se inclúa a partir de que idade un neno pode acceder ao aluguer das bicis, estamos a ver que hai rapaces de 12 anos lle estamos quitamos efectividade, un rapaz con 13 anos é responsable para alugar sen problemas e non depender de que vaia a nai ou o pai”.

O Voceiro do BNG manifesta: ”non quero polemizar, é complicado, tamén entendo que eres o voceiro do PP; non pode chegar un chaval de 12 anos, supoñamos que non o coñezas, vai ao Clube de Tenis, colle unha bici e non a devolve, o problema da maioría da idade é que da lugar a responsabilidades e a minoría de idade da lugar da dependencia da responsabilidade dos pais, eso non o podemos soplucionar aquí, aínda que é un problema, só pode facer un aluguer unha persoa responsable, xa logo se instrumentalizará o tema. Se fala de que é un prezo moi caro 2,5 p/persoa pero os rapaces non son parvos e cando vexan que se van 3, saelles por 1,50 €irán xuntos e aínda sairá mais barato que o que propón o voceiro do PP. Van ir en grupos de 3. Máis aínda en lugar de alugar 1 bici, se alugarán 3. Dentro dun ano podemos cambialo, isto non afecta a tódolos cidadáns non é o imposto da auga, xa veremos se rectificar ou non, non son prezos desorbitados. Agora o máis importante é nón perder máis tempo en que xa se poña en marcha e adiante.

Se somete a votación a proposta do Partido Popular, de baixa la taxa a 2 Euros e fixando a idade para o aluguer das bicicletas, co seguinte resultado por 4 votos a favor (4 P.P., 4 votos en contra (4 PSOE) e 3 abstencións (2 BNG e 1 NAL), a vista do resultado de empate sometese novamente a votación con idéntico resultado, polo o Sr. Alcalde-Acctal co seu voto de calidade acorda rechaza-la.

Acto seguinte sometese a votación a Ordenanza e o Pleno do Concello por 7 votos a favor 4 PSOE, 2 BNG e 1 NAL, e 4 en contra acorda prestarlle a súa aprobación, a ordenanza Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de alugueiro de bicicletas Turísticas “bicicletares” que seguidamente se transcribe:

#### ARTIGO 1. Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa por prestación de servizo de alugueiro de bicicletas turísticas “bicicletARES”, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, atendendo as súas normas ao prevenido no artigo 57 do Real decreto legislativo citado.

#### ARTIGO 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de alugueiro de bicicletas turísticas “bicicletARES”, de competencia municipal,

Para estes efectos, entenderanse prestados a instancia de parte os anteditos servizos cando estes foran demandados pola poboación ou redunden no seu beneficio.

#### ARTIGO 3. Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que sexan:

Participantes nos servizos e beneficiarios dos mesmos.

#### ARTIGO 4. Responsábeis.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

#### ARTIGO 5. Cota tributaria

A cota tributaria determinarase en función do número de solicitudes por persoa, aplicándose para tal efecto as seguintes tarifas:

- 1.- Alugueiro individual de bicicleta pola mañá, en horario comprendido dende as 10 ata as 14 horas, con independencia do tempo que se alugue: 2,50 euros/ persoa.
- 2.- Alugueiro individual de bicicleta polo serán, en horario comprendido dende as 16 ata as 20 horas, con independencia do tempo que se alugue: 2,50 euros / persoa.
- 3.- Alugueiro individual de bicicleta todo o día, en horario comprendido dende as 10 ata as 20 horas, ou sempre que se collan horas dentro do horario de mañá e de tarde, con independencia do tempo que se alugue: 4 euros / persoa.
- 4.- Alugueiro de bicicleta grupal ( de 3 ou máis persoas), pola mañá, en horario comprendido dende as 10 ata as 14 horas, con independencia do tempo que se alugue, feito por unha persoa maior de idade: 1,50 euors / persoa.
- 5.- Alugueiro de bicicleta grupal ( de 3 ou máis persoas) polo serán, en horario comprendido dende as 16 ata as 20 horas, con independencia do tempo que se alugue, feito por unha persoa maior de idade: 1,50 euros / persoa.
- 6.- Alugueiro de bicicleta grupal ( de 3 ou máis persoas) todo o día, en horario comprendido dende as 10 ata as 20 horas, ou sempre que se collan horas dentro do horario de mañá e de tarde, con independencia do tempo que se alugue, feito por unha persoamaior de idade : 3 euros / persoa.

Normas de aplicación das tarifas:

- Poderase facer o aluguer da bicicleta só para a mañá, só para a tarde, ou para todo o día como máximo.
- As sillas de nenos non se cobrarán.
- Para pceder o aluguer ademáis de satisfacer o pago da taxa correspondente, deberase deixar na oficina o DNI orixinal, o carnet de conducir, ou o Pasaporte devolvéndose os documentos depositados, unha vez se faga entrega da bicicleta.
- Só poderán alugar bicicletas as persoas maiores de idade.
- Para proceder a entrega da bicicleta na Estación, é preciso cumprir co tempo de aluguer pactado.
- O tempo de prestación efectiva dos servizos computarase tomando como momento inicial o de comezo da actividade.

#### ARTIGO 6. Exencións

Non se contemplan exencións, agás no caso de actividades puntuais desenvolvidas polo Concello de Ares para grupos organizados.

#### ARTIGO 7. Devengo

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se comeza a prestación do servizo.

#### ARTIGO 8. Declaración e ingreso

O servizo prestarase dende o mes de abril ata o mes de setembro, ambos incluídos. Fora dese período poderás concertarse o servizo pero soamente para grupos organizados (colexios, sociedades, etc.), procedendo ó seu aluguer soamente no Centro Cultural da Alianza Aresana; sendo os puntos de aluguer : C. Náutico de Ares, Centro Cultural Outeiro de Chanteiro, CIRS de Cervás, caseta de Turismo, Clube de Tenis de Redes, Centro Alianza Aresana.

Para o abono/pago da taxa levaráanse a cabo convenios de colaboración coas Sociedades : C.C. Outeiro de Chanteiro, CIRS de Cervás, C.N. de Ares e C.T. de Redes.

#### ARTIGO 9. Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL

As tarifas anteriores serán incrementadas anualmente na porcentaxe do I.P.C.

#### DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza, que consta de 9 artigos, 1 disposición adicional e una final, foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 13 de xuño de 2008.

Entrará en vigor, logo da súa publicación no BOP, o día de de 2008, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresas.

### **Punto 3.- APROBACION DELEGACION NA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA RECADACION VOLUNTARIA E EXECUTIVA DAS SANCIONS MUNICIPAIS, POR INFRACCIÓNS DA LEI SOBRE TRAFICO CIRCULACION DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIAL.-**

Intervén o Voceiro do BNG: “simplemente para indicar que a nosa postura vai ser de abstención, en consoancia coa postura adoptada por nós no tema da delegación que se fixo no seu momento para a recadación de tributos na Deputación.”

O Voceiro do NAL manifesta:”: a nosa apostura vai ser favorable, entendendo que o lóxico sería que o diñeiro das sancións repercuta no Concello e non noutras administracións e outro tema como dixen en Xunta de Voceiros é o criterio da Policía Local en cuanto ao tema das sancións pero bueno o que nos ocupa hoxe é a delegación por parte de Deputación da xestión das sancións e vamos ser favorables a esto.”

Toma a palabra o Voceiro do PP e manifesta: ”vamos votar a favor de que a Deputación como o resto das taxas cobre as sancións e que finalmente como isto iba para tráfico pois que repercuta no Concello, e vamos votar a favor.”

Seguidamente se somete a votación, a Delegación na Exma. Deputación Provincial da Recadación Voluntaria e Executiava das Sancións Municipais, por infraccións da Lei de Tráfico Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial e o Pleno do Concello por 9

votos a favor (4 PSOE, 4PP e 1 NAL) e 2 Abstencións do BNG acorda prestarlle a súa aprobación

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as dez horas e quince minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE-ACCTAL..,

O SECRETARIO,